



DATOS IDENTIFICATIVOS

Investigación comercial

Materia	Investigación comercial			
Código	004G020V01701			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Rodríguez Comesaña, Lorenzo			
Profesorado	Rodríguez Comesaña, Lorenzo			
Correo-e	loroco@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Investigación comercial é unha materia obrigatoria que consta dun total de 6 créditos ECTS que se corresponden con 150 horas de traballo do alumno, das cales 50 son actividades presenciais, mentres que o resto serán actividades de traballo persoal.</p> <p>Esta materia pretende que o estudante adquira unha visión ampla das diversas técnicas de recollida da información e familiarícese cos sistemas de análises e interpretación dos datos. O obxectivo final da materia é que o alumno sexa capaz de desenvolver un proceso de investigación comercial</p>			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de análise e síntese
B5	Habilidades de comunicación oral e escrita
B13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
C6	Posuír e comprender coñecementos sobre os distintos procesos, procedementos e prácticas de xestión empresarial
D3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión do proceso de investigación comercial dende un punto de vista teórico e aplicado.	B1 B13	C6	
Manexo das técnicas máis empregadas na recolección e análise da información.	B1 B13	C6	
Capacidade de abordar de xeito eficaz actividades relacionadas co proceso de investigación comercial.	B1 B5 B13	C6	D3

Contidos

Tema	
Tema 1: O papel da investigación comercial	Obxectivos do tema. Concepto. Aplicacións. Limitacións. Consideracións éticas. Tipos de investigación. Etapas. Fontes de información.
Tema 2: Investigación exploratoria. Técnicas cualitativas	Obxectivos do tema. Características. Reunión de grupos. Entrevista en profundidade. Técnicas proyectivas. Observación.
Tema 3: Investigación causal e descriptiva. Técnicas cuantitativas	Obxectivos do tema. Características. Experimentación. Enquisas ad hoc. Enquisas periódicas.
Tema 4: Medición e escalas	Obxectivos do tema. Medición e propiedades das escalas. Escalas básicas. Escalas comparativas. Escalas non comparativas. Creación de escalas. Avaliación das escalas.

Tema 5: Deseño do cuestionario	Obxectivos do tema. Concepto e funcións do cuestionario. Tipos de preguntas. Elaboración das preguntas. Estrutura e secuencia do cuestionario. Pretest do cuestionario.
Tema 6: Deseño e procedemento de muestreo	Obxectivos do tema. Conceptos básicos. Etapas na selección da mostra. Muestreo non probabilístico. Muestreo probabilístico. Cálculo do tamaño da mostra.
Tema 7: Análise dos datos	Obxectivos do tema. Consideracións previas. Etapas. Codificación. Análise univariante. Análise bivariante. Análise multivariante
Tema 8: Elaboración do informe	Obxectivos do tema. Importancia do informe. Estrutura do informe. Presentación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	29	30	59
Resolución de problemas	20	31	51
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	25	25
Exame de preguntas obxectivas	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación dos obxectivos e contidos da materia, metodoloxía de traballo e sistemas de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia, complementada co uso de medios audiovisuais e a formulación de cuestións dirixidas aos estudantes para facilitar a aprendizaxe. Recoméndase ao estudante que traballe previamente o material colgado en faitic, co fin de seguir as explicacións e participar activamente nas devanditas cuestións.
Resolución de problemas	En cada práctica realizaranse actividades (aplicación de conceptos, exercicios ou casos de estudo) coa finalidade de aplicar de forma efectiva os coñecementos teóricos adquiridos nas sesións maxistrais. Os estudantes traballarán de forma autónoma, individualmente ou en grupo, baixo a supervisión do profesor. Estas sesións prácticas terán lugar en seminarios ou aulas de informática.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Ao finalizar un tema teórico abrírase un test na Plataforma Tema, relativo ós contidos desenvolto na sesión maxistral. Trátase de actividades non presenciais que posibilitan o seguimento e avaliación do alumno e que deberán realizarse nos prazos sinalados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Cada estudante solicitaralle ao profesor as aclaracións que estime oportunas para comprender mellor a materia e desenvolver con éxito as actividades propostas. Ademais o profesor establecerá ao principio de curso un horario para tutorías individuais ao que o alumno pode acudir para resolver calquera tipo de dúbida referente á materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	A valoración neste contexto pode consistir na entrega de exercicios, exposicións orais ou a realización dun test.	30	B1 B5 B13	C6	D3
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Avaliaráse a resolución dos cuestionarios vinculados ás sesións maxistrais	10	B13	C6	D3
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita que inclúe preguntas directas e breves sobre aspectos concretos do programa da materia. Será necesario aprobar esta proba para avaliar o resto.	60	B1 B5	C6	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será necesario obter unha puntuación mínima de cinco puntos, sendo condición imprescindible

obter como mínimo un 5 sobre 10 na proba de resposta curta.

A puntuación obtida nas prácticas mantense na convocatoria de xuño e xullo do curso académico en vigor pero non se gardará para cursos sucesivos.

a data dos exames pode ser consultada na web da facultade no apartado de organización docente

SE AVALIACION CONTINUA

Faranse varios exercicios e casos ligados às aulas

SE AVALIACIÓN ORDINARIA

Seguirán este proceso os estudantes que non sigan a avaliación continua ou aqueles que seguíndoa non acaden os mínimos establecidos. Os alumnos que non sigan a avaliación continúa serán examinados mediante unha proba escrita valorada sobre 10 puntos que non ten por qué coincidir coa do resto dos alumnos.

Neste caso, o exame consistirá nunha proba na que se plantexarán as preguntas teóricas, e outra na que se desenvolverá a parte práctica. Para medir as habilidades de comunicación do estudante, pode establecerse que unha ou as dúas probas sexan realizadas de forma oral.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co estudante da materia e concíbense de forma flexible. En consecuencia, pode ser necesario realizar axustes ao longo del curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que pudesen surxir. Asimesmo, aportarase ao estudantado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Malhotra, N.K., **Investigación de mercados. Conceptos esenciales**, Pearson, 2016

Bibliografía Complementaria

Fernandez Nogales A, **Investigación y técnicas de mercados 2 ed**, 2004,

Hair, J., Bush, R. & Ortinau, D., **Investigación de mercados**, 2010,

Malhotra, **Investigación de mercados, un enfoque aplicado**, 2010,

Santesmases, M., **Diseño y análisis de encuestas en investigación social t de mercados**, 2005,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dirección comercial I/O04G020V01403

Dirección comercial II/O04G020V01502

Outros comentarios

Esta materia no dobre grao ADE-Dereito e ADE-Informática impartese no segundo cuatrimestre do 5º curso

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

de haber docencia na modalidade semipresencial, non haberá cambios. A docencia teórica levaríase adiante nas aulas virtuais non opresenciais e serían usadas as aulas presenciais para os exercicios-

Se houvera una situación de non presencialidade, toda a actividade sería levada adiante no campus remoto

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

atenderíase de xeito non presencial baixo demanda e no escritorio virtual do profesor

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

De darse unha situación de non presencialidade, intercambiaríase o peso das probas, pasando a ser a avaliación final levada a cabo coas actividades da aula nun 60% e 40% o exame final.

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional
